



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 9 de marzo de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

8.- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA Á AXUDA CONCEDIDA NO PROGRAMA AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017 POLA EMPRESA MARTINESA ALIMENTACIÓN S.L. EXPTE. 13824/77.

Visto o informe de fiscalización do 26/02/18, dáse conta do informe-proposta do 11/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Emprego e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 02.11.2017, acordou o outorgamento das Axudas Municipais á Creación de Empresas do ano 2017 (Expte. 13824/77).

No acordo propónse a concesión, entre outras, da solicitude seguinte:

| EXPTE. | SOLICITANTE | CIF | PUNTUAC. BAREMO | SUBVENCIÓN A CONCEDER |
|----------|----------------------------|-----------|-----------------|-----------------------|
| 14214/77 | MARTINESA ALIMENTACIÓN, SL | B27831619 | 22 | 2.276,63 € |

De conformidade coa base 3.1 Instrución e tramitación das axudas e a base 6.2 Publicación das subvencións outorgadas, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas municipais á creación de empresas 2017, con data do 02.11.2017 notificouse ao solicitante e publicouse no taboleiro de editos do concello e na páxina web www.vigo.org a resolución relativa ao outorgamento destas axudas e ao requirimento da documentación xustificativa correspondente, necesaria para o pagamento da axuda.

Con data do 10.11.2017 e núm. de rexistro de entrada 170156265 a empresa Martinesa Alimentación, SL co NIF B27831619 achegou, dentro do prazo establecido ao efecto, un documento informando da próxima venda do 100% das participacións dos socios a outros promotores, polo que entenden que deben desistir da axuda concedida e solicitan que *"... sexa revisado este tema e confirmellenos o resultado final por parte do Concello respecto desta venda de participacións"*.

A venda do 100% das participacións dos socios promotores solicitantes da subvención outorgada, determinaría o incumprimento do previsto no apartado 1.4 das bases reguladoras da convocatoria, xa que de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán **obrigas da empresa beneficiaria**, cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/05/2024 18:52 | Páxina 1 de 3 |
| SUBVENCIONS | CSV: A6AC42-CC323E-4FA9B5-SE4ZF6-DQPMJL-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Xa que logo, con data do 12.12.2017 e rexistro de saída número 38937 remitiuse requirimento para “... a acreditación da venda da empresa a outros promotores e a formulación da renuncia da axuda outorgada”, indicando o prazo para a presentación da devandita documentación e advertindo expresamente de que no caso contrario procederíase segundo o establecido na base 8.1 Perda do dereito ao cobro e ao abeiro da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Con data do 20.12.2017 e rexistro de entrada número 170178560 a empresa Martinesa Alimentación, SL co NIF B27831619 achegou, dentro do prazo establecido ao efecto, o documento acreditativo da venda do 100% das participacións dos promotores, manifestando que ao seu entender deben **DESISTIR DA AXUDA CONCEDIDA**.

Xa que logo, ao abeiro do disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos, podendo facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

A administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, coas salvidades previstas nos apartados 4 e 5, podendo limitar os efectos do desistimento ou a renuncia ao interesado e seguir co procedemento.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aceptar o escrito achegado en data do 20.12.2017 e rexistro de entrada número 170178560, pola empresa Martinesa Alimentación, SL co NIF B27831619, manifestando que deben desistir da axuda concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 02.11.2017 (expte. 13824/77), de acordo coa regulación sobre desistimento e renuncia polos interesados no procedemento prevista no artigo 94 da LPAC, con motivo da venda do 100% das participacións dos socios promotores de dita empresa en data 15/12/2017, segundo resultou acreditado no expediente 14214/77.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado.

TERCEIRO.- Proceder á anulación do documento de compromiso de gasto D 201700104220 correspondente.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/05/2024 18:52 | Páxina 2 de 3 |
| SUBVENCIONS | CSV: A6AC42-CC323E-4FA9B5-SE4ZF6-DQPMJL-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/05/2024 18:52 | Páxina 3 de 3 |
| SUBVENCIONS | CSV: A6AC42-CC323E-4FA9B5-SE4ZF6-DQPMJL-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |